

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE DIXITALIZACIÓN, SOSTIBILIDADE E REALIZACIÓN DE OBRAS NO ÁMBITO DO SISTEMA DE INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA DE GALICIA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades.

#### **DECLARA**

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Consellería) ten previsto formalizar coas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración no ano 2023, entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as tres Universidades públicas do SUG para a adopción de medidas de dixitalización, sostibilidade e realización de obras no ámbito da sistema de investigación universitaria de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, pola necesidade de reforzar as capacidades de investigación e transferencia das universidades de Galicia.

As actuacións estenderanse ás tres universidades públicas galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei



1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data situada na marxe.

